

FACULTADE DE CIENCIAS DO DEPORTE E A EDUCACIÓN FÍSICA

PROTOCOLOS ESPECÍFICOS DE INSTALACIÓNS¹

DATOS DA INSTALACIÓN



DENOMINACIÓN INSTALACIÓN	Pavillón I
RESPONSABLE DA XESTIÓN XERAL DA INSTALACIÓN	Miguel González Valeiro
COORDINADOR COVID DA FACULTADE	Joaquín Fernando Gómez Varela
SERVIZO DE XESTIÓN DO USO DIARIO	() Conserxería Edificio Verde (X) Conserxería Pavillóns () Conserxería Estadio
DISTRIBUCIÓN SEMANAL E HORARIOS DE USO ACADÉMICO	1º CUATRIMESTE: <u>Balonmán e a súa Didáctica:</u> Luns a xoves de 9.00 a 13.30

¹ O presente protocolo é susceptible de modificación previo aviso atendendo á actualización de normativas, regulacións ou requirimentos da UDC ou a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física atendendo á influencia da situación COVID-19. Dito protocolo estará suxeito ao protocolo plan de prevención e hixiene fronte á COVID-19 da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física da Universidade da Coruña (UDC) para o curso 2020-2021

	<u>Fútbol e a súa Didáctica:</u> Martes e mércores de 15.00 a 18.00				
DISTRIBUCIÓN SEMANAL E HORARIOS DE USO PARA ESTUDANTES	1º CUADRIMESTRE: Luns a xoves de 13.30 a 15:00 Venres: 10:00 a 14:00				
DISTRIBUCIÓN SEMANAL E HORARIOS DE USO EXTERNO	1º CUADRIMESTRE: Luns a Venres de 18.00 a 21.00				
CARACTERÍSTICAS XERÁIS DA INSTALACIÓN					
SUPERFICIE (m2)	1202	Nº Máx. Practicantes	40	Nº Máx. Responsables	4
VENTILACIÓN	Número de fiestras		6		
	Número de portas exteriores		2		
	Número de portas interiores		11		
	Valoración da ventilación		() Exterior con boa ventilación (X) Interior con boa ventilación () Interior con mala ventilación		
Sala de illamento COVID-19	Pavillón I Aula 13				

Equipamento específico para a instalación:

- Equipamento COVID-19 conserxes: Mascaras hixiénicas para o uso xeral; mascarar FFP2 para uso en atención a potencial contaxiado
- Equipamento COVID-19 instalación: Contedores específicos para residuos sanitarios, para mascarar, panos, etc.

NORMAS DE USO

Normas de USO XENÉRICO (Anexo I)

E obrigatorio para todas/os usuarias/os o coñecemento e cumprimento do protocolo de prevención e hixiene da Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física, así como do protocolo específico incorporado como Anexo I neste documento.

Normas específicas atendendo ao tipo de actividade

Normas específicas para ACTIVIDADES LECTIVAS

Materias Grao

Materia	Espazo	Nº Estudiantes/sesión
Balonmán e a súa Didáctica		30
Fútbol e a súa Didáctica		30

As/os estudantes so poderán acceder no seu horario e grupo de clase correspondente.

O alumnado deberá coñecer as normas os protocolos de prevención e hixiene da Facultade e os específicos da instalación.

O uso dos vestiarios queda restrinxido exclusivamente ao uso dos baños, atendendo a súa ocupación e sempre gardando as maiores garantías de hixiene posible

Os participantes utilizarán o material aportado polo docente da materia e se encargarán da limpeza e desinfección do mesmo unha vez finalizada a sesión co material desinfectante que se encontrará a súa disposición no almacén desta instalación.

O responsable das actividades lectivas será o docente da materia e do grupo

O acceso a instalación farase pola porta exterior de emerxencia mais preto do pavillón II (entrada este) e a saída pola porta exterior de emerxencia máis preto do tatami (saída oeste) . A circulación farase no sentido contrario as agullas do reloxo, debendo deixar o material (bolsas deporte) nas bancadas situadas nas saídas dos vestiarios.

Normas específicas para as PRÁCTICAS ACADÉMICAS de ESTUDANTES

A solicitude do Pavillón I na Facultade de Ciencias da Actividade Física e o Deporte levarase a cabo atendendo ao procedemento habitual de solicitude de instalacións da Facultade (impreso en conserxería do edificio de aulas). Nela se indicará entre outras o horario e listaxe de participantes que utilizarán a instalación e o material necesario (soamente en casos imprescindibles). No caso de uso de material, será o alumno responsable da súa limpeza e desinfección.

Considerarase en todo caso que a ocupación do espazo xeral polos estudantes durante a súas prácticas académicas permita garantir as distancias de seguridade durante todo o seu desenvolvemento.

O alumnado deberá coñecer as normas e os protocolos de prevención e hixiene da Facultade e os específicos da instalación.

O uso dos vestiarios queda restrinxido exclusivamente ao uso dos baños, atendendo a súa ocupación e sempre gardando as maiores garantías de hixiene posible.

Os participantes utilizarán o material aportado pola facultade e se encargarán da limpeza e desinfección do mesmo unha vez finalizada a sesión co material desinfectante que se encontrará a súa disposición no almacén desta instalación.

O acceso a instalación farase pola porta exterior de emerxencia máis preto do pavillón II (entrada este) e a saída pola porta exterior de emerxencia máis preto do tatami (saída oeste) . A circulación farase no sentido contrario as agullas do reloxo, debendo deixar o material (bolsas deporte) nas bancadas situadas nas saídas dos vestiarios.

O responsable das actividades será o propio alumno debendo manter nas actividades os procedementos COVID-19 que se sigan para a actividade lectiva da materia na que este realizando nas prácticas

Normas específicas para USO EXTERNO

Usuarios Externos

Espazo	Superficie	Nº máx. usuarios	Nº adestradores/monitores
Pavillón 1		30	5

Solicitud de instalacións

A solicitude deste espazo levarase a cabo atendendo ao procedemento habitual de solicitude de instalacións da UDC (solicitude previa a Facultade para recibir o VºBº e formalización posterior no Servizo de Inventario e Patrimonio da UDC). Nela se indicará entre outras o horario e número e listaxe de participantes de formación/adestramento que utilizarán a instalación (Anexo II), xuntándose a mesma as correspondentes “Declaracións Responsables Do Consentimento Individual Do Deportista No Acceso Ao Espazo Deportivo” (Anexo III, IV, V e VI).

Usuarios

Os usuarios das diferentes entidades diferenciaranse en: deportistas, responsables deportivos (adestradores ou directivos), e responsables COVID-19. Podendo recaer as súas función na mesma persoa.

As funcións dos responsables COVID-19 serán recibir e transmitir a información relativa á COVID-19 entre a UDC e/ou Facultade de Ciencias do Deporte e Educación Física e a súa entidade e usuarios, así como participar nos protocolos de supervisión, detección e atención aos posibles casos que poidan ter lugar. Asemade serán os responsables de xestionar as declaracións informadas dos seus usuarios no tatami e sala de expresión, así como dos listados diarios de deportistas que utilizan os espazos ou instalación. Por outra banda serán os responsables do correcto uso dos espazos, equipamentos e materiais atendendo aos protocolos e normativa COVID-19 establecidas.

As funcións dos responsables deportivos serán a organización e desenvolvemento da actividade deportiva e dinamización dos grupos de deportistas.

As entidades deportivas de carácter federativo entregará o seu protocolo específico de intervención deportiva atendendo á metodoloxía FISICOVID-DXTGalego.

Uso da instalación e do material do Pavillón 1

O uso da instalación organizarase en dúas quendas:

- 18.00 a 19.30 h.
- 19.45 a 21.15 h.

O uso dos vestiarios queda restrinxido exclusivamente ao uso dos baños, atendendo a súa ocupación e sempre gardando as maiores garantías de hixiene posible.

Será responsabilidade do club, a organización do proceso de entrega dos nenos por parte dos pais/nais e da súa recollida, para que en todo momento se cumpran os protocolos de distancia física. Os pais deixarán e recollerán aos nenos/nenas no parking situado no Pavillón 2. Queda prohibido o aparcamento nese espazo e a permanencia dos pais no espazo da Facultade

Os deportistas accederán e abandonarán en grupo a instalación ca presenza do adestrador/monitor en grupos formados sempre polos mesmos suxeitos que se han indicado na solicitude. Queda terminantemente prohibido o cambio de deportistas a diferentes grupos.

O acceso a instalación farase pola porta exterior de emerxencia mais preto do pavillón II (entrada este) e a saída pola porta exterior de emerxencia máis preto do tatami (saída oeste) . A circulación farase no sentido contrario as agullas do reloxo, debendo deixar o material (bolsas deporte) nas bancadas situadas nas saídas dos vestiarios.

A hora indicada de finalización da quenda, todos os usuarios da instalación deben abandonala (a excepción dos responsables da limpeza e desinfección do material). Non poderán acceder a instalación os deportistas da segunda quenda sen que antes a abandonaran os da anterior.

Cada club/grupo deberá dispoñer de material propio sendo a súa responsabilidade a limpeza e desinfección do mesmo ao cambio de cada quenda.

Os clubs serán os responsables das actividades que se realicen no uso da instalación, debendo cumprir todos os protocolos vixentes da UDC, da Facultade e das Federacións correspondentes.

ANEXO I. NORMAS XERAIS DE UTILIZACIÓN DA INSTALACIÓN

Acceso e saída

- Non poderán acceder á instalación aqueles usuarios que deran positivo nas probas COVID-19, que tiveran contacto directo con alguén que dera positivo nas mesmas, ou que presenten sintomatoloxía relacionada coa COVID-19.
- O acceso á instalación en cada un dos horarios está reservado só aos estudantes, profesores, PAS, deportistas, adestradores e responsables das entidades autorizadas para o seu uso. Dados os números máximos de usuarios por quenda, queda restrinxido o acceso a acompañantes ou outras persoas non relacionadas co desenvolvemento das actividades asignadas.
- No caso de uso por parte de usuarios externos á Facultade, antes de incorporarse ao uso da instalación, cada adestrador/a e deportista ten que coñecer e aceptar expresamente todas as pautas de uso da instalación. Para o que deberán ler e aceptar as declaracións responsables correspondentes a cada un deles (ver anexos I ao VI).

Equipamento COVID-19

- Todo os usuarios da instalación contarán obrigatoriamente cunha **máscara hixiénica** de uso obrigatorio e permanente; e **xel hidroalcohólico** para a desinfección das mans antes, durante e despois do acceso ás instalacións.
- Durante todo momento nas actividades e obrigatorio o uso da máscara. No caso de que algunha persoa xustifique que non pode empregar a máscara deberá informalo ao responsable da actividade para a consideración da adaptación dos protocolos ou a posibilidade de participar na actividade.

Equipamento persoal

- Os usuarios realizarán descalzos a súa práctica deportiva, dispoñendo dunha bolsa na que deixar equipamento, roupa ou calzado persoal non empregado na práctica deportiva, e depositando este nos espazos determinados a eses efectos.

Equipamento da Sala

- A sala terá a disposición xel hidroalcohólico para a desinfección das mans, no caso de que fora necesario, así como de pulverizador hidroalcohólico para a desinfección do material
- Os profesores disporán dun termómetro que empregarán no suposto de que algún participante presente síntomas do virus. De ser así procederase a seguir os protocolos COVID-19 establecido polas autoridades sanitarias, e o propio da Facultade, e o seu illamento na aula 13 determinada a estes efectos.
- Antes da entrada de los practicantes, cada espazo disporá do seu correspondente material previamente desinfectado.
- Nos 15 minutos entre sesións, a sala deberá permanecer valeira e os/as profesores/as deberán limpar o material utilizado previo ao acceso do seguinte grupo.
- Ao finalizar a última quenda de adestramento, todos os participantes deben marchar e os profesores deben limpar e ordenar todo o material empregado durante a sesión.

Uso da instalación

- Durante o uso da instalación evitase o contacto físico directo con outras/os usuarios
- Ocuparán só os espazos ou instalacións asignados ao seu grupo de usuarios
- Non ocuparán ou terán contacto físico con superficies ou equipamentos non relacionados coa súa actividade
- Realizarán unha hixiene regular dos obxectos ou superficies comúns que se manipulen.

- Consumirán só líquidos ou alimentos de uso persoal exclusivamente, sen compartir en ningún momento con calquera outro usuario.
- Se observan algún tipo de sintomatoloxía asociada á COVID-19 avisar ao seu responsable COVID-19, para valorala activación do protocolo de contaxio potencial coa conserxería e o responsable COVID-19 da Facultade
- Se necesitan retirar algunha equipaxe o prenda deportiva, deberá facerse na súa bolsa de equipamento persoal.
- O uso dos vestiarios queda restrinxido exclusivamente ao uso dos baños, atendendo a súa ocupación e sempre gardando as maiores garantías de hixiene posible

Despois da actividade

- Recollerase súa equipaxe persoal mantendo a distancia con respecto ao resto de usuarios
- Depositaranse os residuos sanitarios (mascaras, panos, etc.) no contedor específico COVID-19

ANEXO II. LISTAXE DE MEMBROS DO GRUPO:

Nº	NOME	APELIDOS	D.NACEMENTO	DNI
1				
2				
3				
4				
5				
6				
7				
8				
9				
10				
11				
12				
13				
14				
15				
16				
17				
18				
19				
20				
21				
22				
23				
24				
25				
26				

27				
28				
29				
30				

ANEXO III. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONSENTIMIENTO INDIVIDUAL DO DEPORTISTA NO ACCESO AO ESPACIO DEPORTIVO: _____

D. _____ con DNI _____, mediante este documento declaro que fun informado debidamente, nunha linguaxe obxectiva e clara, de que a decisión de usar as instalacións deportivas para manter a miña preparación deportiva é o resultado dunha decisión persoal, no que puiden avaliar e ponderar conscientemente os beneficios e efectos da adestramento, xunto cos riscos para a miña saúde que supón a situación actual de pandemia.

Manifesto:

- Non ter coñecemento de ter contacto previo con persoas infectadas nos últimos 14 días, non ter síntomas como tose, febre, dor de cabeza, diarrea, alteracións do gusto ou do olfacto ou pertencer a grupos de risco.
- Que me informaron axeitadamente das medidas que debo ter en conta para reducir os riscos, e sei que os responsables das instalacións non poden garantir a seguridade total das instalacións neste contexto.
- Que me informaron e avisaron sobre os riscos que podería sufrir se contraía a enfermidade COVID-19, así como as consecuencias e posibles consecuencias que podería ter non só para a miña saúde, senón tamén para a dos demais.

E de acordo coas declaracións anteriores:

- Acepto seguir as directrices establecidas desde a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a miña entidade deportiva onde desenvolvo a miña actividade, das autoridades sanitarias, das que son debidamente coñecedor, así como das recomendacións indicadas na instalación, da federación correspondente e do meu médico.
- Comprendo o risco e a posibilidade de infección por COVID-19 e son consciente das medidas que debo tomar para reducir a probabilidade de infección: distancia física, máscara respiratoria, lavado frecuente de mans e permanecer na casa como prioridade.
- Declaro, facendo uso dos dereitos garantidos pola lei, a miña intención de utilizar as instalacións deportivas, asumindo persoal e individualmente todas as consecuencias e responsabilidades.

Sinatura e data:

ANEXO IV. DECLARACIÓN RESPONSABLE DE CONSENTIMIENTO INDIVIDUAL DO DEPORTISTA MENOR DE IDADE E ACOMPAÑANTE PARA O ACCESO Á INSTALACIÓN DEPORTIVA

“ _____ ”

Deportista:	
Data de nacemento:	
DNI:	
Titor legal e DNI:	
Acompañante e DNI:	

Mediante este documento, **como titor legal do deportista menor de idade**, declaro que fun debidamente informado, que a decisión do **deportista menor de idade** de utilizar das instalacións deportivas, co fin de manter a súa preparación e é froito dunha decisión persoal e conxunta, na que puidemos valorar e ponderar conscientemente os beneficios e efectos do adestramento, xunto aos riscos para a súa saúde que comporta a actual situación de pandemia.

Manifestamos:

- Que no temos constancia que o/a deportista e o/a acompañante estiveron en contacto con persoas infectadas nos últimos 14 días, non ten síntomas tales como tose, febre, dor de cabeza, diarrea, alteracións do sabor nin do olfacto, nin é unha persoa pertencente aos colectivos de risco.
- Que fomos adecuadamente informados as medidas que debemos ter en conta para reducir os riscos, e sei que os responsables das instalacións non poden garantir a plena seguridade nas instalacións neste contexto.
- Que fomos informados e advertidos sobre os riscos que podería sufrir se algún de nós contrae a enfermidade COVID-19, así como as consecuencias e posibles secuelas que podería comportar non só para a nosa saúde, senón tamén para a dos demais.

E de acordo coas manifestacións anteriores:

- Comprometémonos as directrices establecidas desde a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a miña entidade deportiva onde desenvolvo a miña actividade, das autoridades sanitarias, das que son debidamente coñecedor, así como das recomendacións indicadas na instalación, da federación correspondente e do meu médico.
- Entendemos o risco e a posibilidade de infección por COVID-19, e somos conscientes das medidas que debemos adoptar para reducir a probabilidade de contaxio: distancia física, máscara respiratoria, lavado de mans frecuente e permanecer en casa de maneira prioritaria.
- Declaramos, facendo uso dos dereitos garantidos pola lei, a nosa intención de usar as instalacións deportivas, asumindo persoal e individualmente todas as consecuencias e responsabilidades.

Sinatura e data:

ANEXO V. DECLARACIÓN RESPONSABLE DO CONSENTIMENTO INDIVIDUAL DO ADESTRADOR/A PARA ACCEDER ÁS INSTALACIÓNS DEPORTIVAS _____

ADESTRADOR:	
DNI:	

Mediante este documento, **como ADESTRADOR/A ou MONITOR/A**, declaro que fun debidamente informado, que a decisión de utilizar das instalacións deportivas, co fin de realizar as actividades previstas para a preparación deportiva do deportista (-s) aos que adestro, é froito dunha decisión persoal e conxunta, na que podemos valorar e ponderar conscientemente os beneficios e efectos do adestramento, xunto aos riscos para a súa saúde que comporta a actual situación de pandemia.

Manifesto:

- Non teño coñecemento de estar en contacto con persoas infectadas nos últimos 14 días, non ter síntomas tales como tose, febre, dor de cabeza, diarrea, alteracións do sabor nin do olfacto, nin ser persoa pertencente aos colectivos de risco.
- Que fun adecuadamente informado as medidas que debo ter en conta para reducir os riscos, e sei que os responsables das instalacións non poden garantir a plena seguridade nas instalacións neste contexto.
- Que fun informado e advertido sobre os riscos que podería sufrir se contraio a enfermidade COVID-19, así como as consecuencias e posibles secuelas que podería comportar non só para a miña saúde, senón tamén para a dos demais.

E de acordo coas manifestacións anteriores:

- Comprométome a as directrices establecidas desde a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a miña entidade deportiva onde desenvolvo a miña actividade, das autoridades sanitarias, das que son debidamente coñecedor, así como das recomendacións indicadas na instalación, da federación correspondente e do meu médico.
- Entendo o risco e a posibilidade de infección por COVID-19, e son consciente das medidas que debo adoptar para reducir a probabilidade de contaxio: distancia física, máscara respiratoria, lavado de mans frecuente e permanecer en casa de maneira prioritaria.
- Declaro, facendo uso dos dereitos garantidos pola lei, a miña intención de usar as instalacións deportivas, asumindo persoal e individualmente todas as consecuencias e responsabilidades.

Sinatura e data

ANEXO VI - DECLARACIÓN RESPONSABLE DO COORDINADOR TÉCNICO E RESPONSABLE DE INCIDENCIAS COVID-19 PARA GRUPOS DE DEPORTISTAS DO CLUBE/ENTIDADE _____, NO USO DA INSTALACIÓN _____

RESPONSABLE TÉCNICO:	
CLUB Ou ENTIDADE:	
DNI:	
TELÉFONO:	

Mediante este documento, como COORDINADOR TÉCNICO E RESPONSABLE DE INCIDENCIAS COVID-19 DE GRUPO, declaro que fun debidamente informado, que a decisión de utilizar das instalacións deportivas, co fin de realizar as actividades previstas para a preparación deportiva do deportista (-s) aos que superviso, é froito dunha decisión persoal e conxunta, na que puidemos valorar e ponderar conscientemente os beneficios e efectos do adestramento, xunto aos riscos para a súa saúde que comporta a actual situación de pandemia

Manifesto:

- Non estar en contacto con persoas infectadas nos últimos 14 días, non ter síntomas tales como tose, febre, dor de cabeza, diarrea, alteracións do sabor nin do olfacto, nin ser persoa pertencente aos colectivos de risco.
- Que fun adecuadamente informado as medidas que debo ter en conta para reducir os riscos, e sei que os responsables das instalacións non poden garantir a plena seguridade nas instalacións neste contexto.
- Que fun informado e advertido sobre os riscos que podería sufrir se contraio a enfermidade COVID-19, así como as consecuencias e posibles secuelas que podería comportar non só para a miña saúde, senón tamén para a dos demais.

E de acordo coas manifestacións anteriores:

- Comprométome a as directrices establecidas desde a UDC, a Facultade de Ciencias do Deporte e a Educación Física e a miña entidade deportiva onde desenvolvo a miña actividade, das autoridades sanitarias, das que son debidamente coñecedor, así como das recomendacións indicadas na instalación, da federación correspondente e do meu médico.
- Entendo o risco e a posibilidade de infección por COVID-19, e son consciente das medidas que debemos adoptar para reducir a probabilidade de contaxio: distancia física, máscara respiratoria, lavado de mans frecuente e permanecer en casa de maneira prioritaria.
- Declaro, facendo uso dos dereitos garantidos pola lei, a miña intención de usar as instalacións deportivas, asumindo persoal e en grupo todas as consecuencias e responsabilidades, declarando as incidencias acontecidas.

Sinatura e data